

Resolución do 12 de febreiro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O punto 5º da base sexta B) das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, publicarase a mesma no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por puntos, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, polo tanto este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de facultativo/a especialista de área de cirurxía xeral e aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área nefroloxía, facultativo/a especialista de área de psiquiatría e facultativo/a especialista de área de xeriatria de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dos diversos procesos selectivos convocados polas diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO MERCANTIL
NÚMERO UN DE PONTEVEDRA**

Edicto (255/2007).

José María Blanco Saralegui, maxistrado xuíz do Xulgado do Mercantil número un de Pontevedra, fago saber que neste xulgado se seguiron autos de xuízo ordinario nº 255/07, promovidos por instancia de Roberto Fernández Vázquez e Elisa Torrón Martínez, representada pola procuradora Mª Amor Angulo Gascón e asistido do letrado José L. Gonzalez Cuenca contra Alberto Rodríguez Amil, declarado en rebeldía procesual, no cal se ditou a resolución do teor literal seguinte:

«Sentenza número 108/2009.

En Pontevedra o 14 de abril de 2009.

José Mª Blanco Saralegui, maxistrado xuíz do Xulgado do Mercantil número un de Pontevedra, tendo visto os autos de xuízo ordinario rexistrados co numero 255/07 instados pola procuradora Sra. Angulo, en nome e representación de Roberto Fernández Vázquez e Elisa Torrón Martínez, asistidos polo letrado Sr. González Cuenca, contra Alberto Rodríguez Amil, en situación de rebeldía procesual, en reclamación de cantidade.

Decido que, estimando integramente a demanda interposta pola procuradora Sra. Angulo na representación acreditada, debo condenar e condeno á demandada a satisfacer á demandante a cantidade de 10952 euros, máis os xuros legais desde a interposición xudicial, máis os xuros de mora procesual desde a data da sentenza ata o seu completo pagamento, todo iso con expresa imposición á demandada das custas causadas.

Notifíquelles esta resolución ás partes, facéndolles saber que non é firme, e ante ela cabe interpoñer recurso de apelación neste xulgado ante a Audiencia Provincial de Pontevedra no prazo de 5 días desde a súa notificación ás partes.

Así por esta miña sentenza, que se rexistrará no seu libro de sentenzas e da cal se expedirá testemuño para a súa unión aos autos, pronúncioo, mándoo e asínoo.

José Mª Blanco Saralegui. Maxistrado do Xulgado do Mercantil número un de Pontevedra».

E, como consecuencia do ignorado paradiro de Alberto Rodríguez Amil expídese este edicto para que sirva de notificación da sentenza que será publicada no taboleiro de anuncios deste xulgado e no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 15 de xaneiro de 2010.

O secretario xudicial
Rubricado